

FORTALEZA DE TOVAR

TIPO DE PROXECTO: TURISTICO, EMPRENDEDOR

Enlaces: www.fortalezadetovar.net

Concello: Lourenzá

Provincia: Lugo



A Fortaleza de Tovar é unha edificación fortificada de principios do século XVI situada no concello de Lourenzá. Debido á inacción dos anteriores propietarios, o edificio estaba nun estado ruinoso, imposibilitando a súa visita. Necesitaba de unha serie de obras para evitar o seu continuado deterioro para poder ser un lugar de interese turístico. As obras dividíronse en dúas etapas, a primeira para sanear o edificio e permitir a súa visita con seguridade e a segunda para construír un centro de interpretación dos pazos, engadindo valor á visita. O resultado é un edificio aberto ao público con contido suficiente para unha visita de un par de horas, que ademais contén unha tenda de produtos típicos da zona. Ademais disto, contén numerosas salas que sirven para levar a cabo todo tipo de actividades que está sempre a servizo do concello. Debido á cantidade de terreo dispoñible a carón da Fortaleza, existen interminables posibilidades para futuras melloras.

ELEMENTOS SALIENTABLES

O impacto das obras na zona foi enorme. Fixéronse numerosas exposicións de artistas e artesáns locais. Albergáronse numerosas celebracións ás que asistiron todo tipo de asociacións, e serviu como punto de chegada de diversas maratóns. Existen dúas rotas de sendeirismo que pasan a carón da fortaleza, así coma o camiño de Santiago. Ademais, dado que a maioría de produtos á venda na tenda son locais, tanto os comestibles coma as pezas de arte, este é un elemento dinamizador da zona máis que está incluído no proxecto.

www.fortalezadetovar.net
www.facebook.com/pazo.tovar/

ENTIDADE PROMOTORA:



AEDL:

José Cuadrado Oural

ENTIDADES COFINANCIADORAS



Concello de
Lourenzá

ENTIDADE/EMPRESA EXECUTORA

JOSE VENTOSO IGLESIAS